



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Traballo de Fin de Grao		Código	710G02045
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PúblicoHumanidadesSocioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Rodríguez Luaces, Miguel	Correo electrónico	miguel.luaces@udc.es	
Profesorado	Alfaya Lamas, Elena Rodríguez Luaces, Miguel	Correo electrónico	elena.alfaya@udc.es miguel.luaces@udc.es	
Web	humanidades.udc.es			
Descripción xeral	<p>Presentación dun Traballo de Fin de Grao escrito e oralmente tras finalizar o Grao. A realización do Traballo de Fin de Grao pretende que o alumno desarrolle as competencias que lle permitan comprender e aplicar os coñecementos, habilidades e aptitudes adquiridos ao longo da súa formación no grao, así como tomar contacto co mundo da investigación. Tamén pretende concienciar ao estudiante na importancia da formación continua no exercicio como profesional da información e documentación.</p> <p>As pautas e requisitos para a elaboración e defensa do TFG figuran no Regulamento dos TFG nos títulos de grao da Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña.</p>			
Plan de continxencia	<p>ADAPTACIONES que se llevarán a cabo en la docencia y evaluación si nos enfrentamos a un escenario de presencialidad o semi-presencialidad:</p> <p>1. Modificacións nos contidos: no habrá.</p> <p>2. Metodologías</p> <p>*Metodologías docentes que se mantienen: sesión magistral y trabajo tutelado.</p> <p>*Metodologías docentes que se modifican: no hay.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada al alumnado:</p> <p>-Correo electrónico: se responderán en horarios de tutoría. Se podrán solicitar entrevistas en teams o hacer consultas.</p> <p>-Moodle: en horarios de tutoría.</p> <p>-Teams: sesiones fijadas individuales o en grupo para resolver dudas; para impartir las sesiones magistrales en el horario fijado en el horario del Centro y para el seguimiento de los trabajos tutelados.</p> <p>4. Modificaciones en la evaluación: no se modifica.</p> <p>*Observaciones de evaluación: No hay ya que es una materia en extinción.</p> <p>5. Modificaciones de la bibliografía o webgrafía: No se realizan cambios.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
Resultados da aprendizaxe	



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
1. Adquirir metodoloxías, estratexias e hábitos de traballo no proceso investigador. Coñecemento, comprensión e aplicación de principios teóridos e metodolóxicos	A4 A5 A8	B1 B3 B4 B5 B8 B9	C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8 C10 C11 C15
2. Prestar atención ao carácter multidisciplinar das Ciencias da Documentación para agrupar e aplicar á investigación todos os coñecementos teórico-prácticos adquiridos durante o grao. Habilidades na obtención, tratamiento e interpretación de datos.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C1 C2 C4 C5 C6 C7
3. Capacidade de reunir e interpretar datos relevantes. Comunicarse de maneira efectiva. Proporcionar solucións eficientes e eficaces aos problemas que vaian xurdindo, utilizando os coñecementos, técnicas e aptitudes alcanzados durante sua etapa de formación reglada.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8	B1 B2 B3 B4 B8 C8 C9 C10 C11 C13 C14 C15	C8 C9 C10 C11 C13 C14 C15

Contidos	
Temas	Subtemas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C13 C14 C15	8	128	136
Presentación oral	B6 B7 C1	2	6	8
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción



Investigación (Proyecto de investigación)	Actividad orientada a la identificación del objeto de estudio, formulación, desarrollo, interpretación resultados, obtención conclusiones.
Presentación oral	Presentación y defensa del trabajo realizado.

Atención personalizada

Metodologías	Descripción
Investigación (Proyecto de investigación)	Orientación relativa a las pautas para las presentaciones, sugerencias de lecturas y asistencia a cursos.
Presentación oral	Resolución de dudas, seguimiento de la progresión del trabajo.

Avaluación

Metodologías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Investigación (Proyecto de investigación)	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C13 C14 C15	EL TFG deberá estar orientado al desarrollo de una investigación enmarcada en el ámbito de la Información y la Documentación.	50
Presentación oral	B6 B7 C1	La presentación oral del trabajo es obligatoria y se realizará ante un tribunal.	50

Observaciones evaluación

El Trabajo de Fin de Grado(TFG) queda regulado por el Reglamento de los TFG de los títulos de grado de la Facultad de Humanidades y Documentación de la Universidade da Coruña . El texto íntegro se reproduce en el apartado Recomendacións de la guía docente. De igual forma el documento se encuentra disponible en la página web del centro.

Antes del 30 de octubre de cada curso académico se hará público tanto en la web como en los tablones del centro el listado de con toda la oferta de temas de los TFG y sus directores. El alumno deberá elegir un tema de los ofertados. El procedimiento deberá estar finalizado antes del 30 de noviembre.

Véase la normativa del TFG de la Facultade de Humanidades e Documentación: artículo 4.

Fontes de información



Bibliografía básica	Regulamento dos TFG nos títulos de grao da Facultade de Humanidades e documentación da Universidade da Coruña _____ BLAXTER, Loraine; HUGHES, Christina; TIGHT, Malcom(2005): Cómo se hace una investigación, Barcelona: Gedisa CALDERÓN GARCÍA, Rocío; JÍMENEZ TORRES, Jorge Alfredo(2008): Lineamientos para la elaboración de tesis y trabajos de investigación [Recurso electrónico], Oviedo : Eikasia COLOBRANS, Jordi(2001): El doctorando organizado [Texto impreso] : la gestión del conocimiento aplicada a la investigación, Zaragoza : Mira, ECO, Umberto(2001): Cómo se hace una tesis : técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura. 1ª ed. en Herramientas universitarias, Barcelona: Gedisa GARCÍA DE LA FUENTE, Olegario(1994): Metodología de la investigación científica, Madrid: CEEES, GARCÍA, Ana M.; FERNÁNDEZ, Esteve (2006): Escritura y publicación de artículos científicos Sant Boi de Llobregat (Barcelona) : Signo LATORRE MARTÍNEZ, María Pilar (2011): Guía del trabajo fin de grado adaptado al EEES, Espacio Europeo de Educación Superior. Ejemplo 01, Diccionario web de construcción, Zaragoza : EUPLA LÓPEZ YEPES, José (2005): Las tesis doctorales : producción, evaluación y defensa, Madrid: Fragua LOSA IGLESIAS, Marta E SALVADORES FUENTES, Paloma; BECERRO DE BENGOA VALLEJO, Ricardo (2007): Guía didáctica de metodología de la investigación: el trabajo de investigación, Madrid : Compañía Española de Reprografía y Servicios. MEDINA RIVILLA, Antonio (2003): Metodología para la realización de proyectos de investigación y tesis doctorales, Madrid : Universitas PERUJO SERRANO, Francisco(2009): El investigador en su laberinto : la tesis, un desafío posible Sevilla ; Zamora : Comunicación Social SENZ BUENO, Silvia(2001): Normas de presentación de originales para la edición, Gijón: TREA SERRA, José Serra Marín(2006): Guía para elaborar documentos Teià (Barcelona) : Magna ÚRIZ PEMÁN, María Jesús (2006): Metodología para la investigación , Pamplona : Eunate
Bibliografía complementaria	Universidad Carlos III de Madrid, Biblioteca. Trabajo de fin de grado. http://uc3m.libguides.com/TFG/Universidad Carlos III de Madrid, Biblioteca. Trabajo de fin de grado. http://uc3m.libguides.com/TFG/

Recomendación**Materias que se recomienda cursar previamente**

Documentación Xeral/710G02011

Biblioteconomía/710G02012

Análise Documental/710G02013

Bibliografía e Fontes de Información/710G02014

Informática Documental/710G02015

Análise Documental de Contido/710G02016

Arquivística/710G02017

Planificación e Xestión de Unidades de Información/710G02021

Técnicas Documentais Aplicadas á Investigación Científica/710G02041

Materias que se recomienda cursar simultaneamente**Materias que continúan o temario****Observación**



Regulamento dos TFG nos títulos de grao da Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña

Exposición de motivos

O Real decreto 1393/2007 establece no artigo 12.3, situado no capítulo 3, que se dedica ás ensinanzas oficiais de grao, que «estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao».

No artigo 12.7 engádese que «o traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título», sen se recoller ningunha outra disposición sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía, deberá ser regulado por cada universidade.

Para estes efectos, as Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao na UDC2 especifican o seguinte sobre a fase final dos estudos na alínea 9 do artigo 3.2, que trata a organización das ensinanzas de grao:

«Traballo de fin de grao: os plans de estudos de grao deberán incluír entre 6 e 30 créditos destinados a realizar un traballo de fin de grao na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. En cada plan de estudos, coa supervisión académica do centro correspondente, establecerase a forma de realización, a titorización e os procedementos de avaliación do dito traballo, que deberá orientarse á avaliación das competencias asociadas ao título.»

O Estatuto do estudiante universitario³ establece no artigo 27: «Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica». Así mesmo, nas epígrafes g) e h) do artigo 8 sinálanse os dereitos específicos dos estudiantes de grao en relación co traballo de fin de grao; e no artigo 30 odereito á revisión das cualificacións.

Neste contexto, e coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar os traballos de fin de grao (en diante TFG) deste centro, resulta conveniente establecer as seguintes normas de carácter xeral. Isto, sen prexuízo das posibles particularidades de cada título do centro, que necesariamente deberán ser atendidas e convenientemente reguladas e publicadas como anexos a este regulamento.

Obxecto e ámbito de aplicación

Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG marcados nos diferentes plans de estudos de grao que se imparten neste centro, de acordo coas Directrices para a elaboración de regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC, aprobadas polo Consello de Goberno de 22 de xullo de 2011. Será publicado no web do centro.

O contido deste regulamento complétase co resto de regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de

1 Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, de 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE n.º 161, de 3 de xullo de 2010).

2 Directrices para a elaboración de títulos de grao na UDC, aprobadas polo Consello de Goberno na súa sesión de 3 de abril de 2008.

3 Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudiante universitario (BOE n.º 318, de 31 de decembro de 2010).

Páx. 1 de 6

?

estudiantes.

1.3.

A xunta de centro poderá delegar na Comisión de Docencia e Calidade do centro na xestión dos TFG ou, no seu caso, elixirá unha comisión cuxa función principal será a de xestionar todo o proceso relativo aos TFG e asegurar a aplicación deste regulamento.

2. Natureza e características do TFG

O TFG supón a realización, por parte de cada estudiante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores.

Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

O TFG deberá estar orientado a se aplicaren as competencias xerais asociadas ao título. En concreto, a capacitar para a busca, xestión, organización e interpretación de datos relevantes ?da súa área de estudo? co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.



A UDC establece que o TFG pode ser defendido e avaliado unha vez se tiver constancia fidedigna de que o estudiantado superou 234 créditos, de acordo co establecido no punto 6.

O TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar según queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudiante universitario salvo que se establecer doutra maneira no documento de asignación do TFG que cada estudiante debe asinar, nos termos e coas condicións previstas na lexislación vixente.

O tema de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, deberá posibilitar que o/a estudiante o realice no número de horas equivalentes aos créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece.

O centro velará mediante os mecanismos de coordinación existentes no grao e a comisión sinalada no artigo 1.3 por que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fai referencia a memoria do grao.

3. Dirección académica do TFG

O TFG será dirixido por un membro do profesorado dos departamentos con docencia no plan de estudos do título de grao.

Tal profesor/a será responsable de:

- a) expoñerlle ao estudiantado cuxa titoría exerce as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento;
- b) realizar un seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados;
- c) autorizar a presentación e defensa do TFG.

3.2. O TFG poderá ser dirixido por máis dunha persoa. Nese caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado pertencente aos departamentos que imparten docencia no título de grao en que estiver matriculado o/a estudiante.

Páx. 2 de 6

Por outra parte, se no marco dun convenio de prácticas o/a estudiante ten que desenvolver parte do TFG ou a súa totalidade noutro organismo distinto á UDC, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFG.

4. Oferta de temas dos TFG e asignación de direccións

4.1. Os temas ou as liñas dos TFG e os directores correspondentes proporanse de xeito razoado. Tal proposta será remitida á dirección do centro desde os departamentos a que este lles fixer o encargo dos TFG. Os estudiantes poderán propoñerelles aos departamentos temas ou liñas para que sexan incorporados na súa oferta.

4.2. A comisión a que se refire o artigo 1.3 deste regulamento aprobará e fará pública unha listaxe cos temas así como co número de estudiantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación. A devandita listaxe garantirá un número de direccións suficiente para a totalidade dos estudiantes matriculados no TFG.

4.3. Unha vez finalizados os pasos anteriores, o estudiantado solicitará a asignación por orde de preferencia dun número mínimo de tres temas ou liñas segundo modelo de impreso establecido (Anexo I).

A comisión preparará unha proposta de asignación provisional, en que intentará respectar as opcións manifestadas polo estudiantado e o profesorado implicado. Para dirimir as prioridades na elección de tema ou titor/a valorarase como criterio o expediente académico.

4.4. Coa publicación da proposta provisional establecerase un período de reclamacións. Resoltas estas, o órgano competente publicará unha listaxe definitiva. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, e en calquera caso sempre que a comisión o autorizar e publicar.

4.5. O TFG do grao en Humanidades e do grao en Información e Documentación está asignado no plan de estudos ao segundo cuatrimestre. Se o alumnado realizase a matrícula no período ordinario, o prazo límite para lle remitir ao centro os temas e directores que se indican na epígrafe 4.1, é o 30 de setembro. O prazo límite para publicar a listaxe da epígrafe 4.2 é o 30 de outubro.

O procedemento completo deberá estar rematado antes do 30 de novembro.

Se o alumnado se matricula no período de ampliación da matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos nas epígrafes 4.1, 4.2 e 4.3 deberán estar finalizados antes do 30 de marzo.

Sempre e cando o centro estimar oportunuo en función da súa organización docente, áinda que o TFG estea asignado ao segundo cuatrimestre, se a superación deste traballo supón o remate dos estudos, o alumnado poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade do primeiro cuatrimestre e, de ser o caso, na oportunidade de xullo. Para isto o alumnado deberá facer a correspondente solicitude, avalada polo/a director/a, ante a comisión que xestionará o TFG que será quen resolverá.

Neste caso os procedementos establecidos nas epígrafes 4.1, 4.2 e 4.3 deberán estar rematados antes do 15 de outubro.

No suposto de que o centro non considere esta posibilidade de defensa do TFG no primeiro cuatrimestre deberá facelo público.



5. Tribunais de avaliación

5.1. Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que establecer a comisión que tiver as

Páx. 3 de 6

competencias delegadas, segundo o número de alumnos matriculados e a temática dos diferentes TFG que se presentaren.

5.2. Cada tribunal estará formado como mínimo por tres persoas e os correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado do centro que imparte o título de grao. O/a director/a do TFG non poderá formar parte do tribunal.

5.3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza como secretaria. Salvo que a xunta de centro teña establecidos outros supostos, utilizaranse como criterios a categoría docente e a antigüidade para nomear o/a presidente/a e o/a secretaria/o, que exercerán como tales en todas as actuacións do tribunal.

5.4. Unha vez constituídos os tribunais de avaliación, estes, de acordo co centro, establecerán a orde de exposición dos estudiantes no caso de seren varios, así como o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos TFG.

Realizarase a adecuada comunicación destes datos a todo o estudiantado e profesorado afectado.

6. Presentación e defensa dos TFG

6.1.Na oportunidade pertinente o/a estudiante presentará unha solicitude de defensa e avaliación do TFG, segundo o modelo de impreso establecido (Anexo II) e no prazo que se fará público para estes efectos. Coa solicitude entregaranse na administración do centro a versión escrita do traballo realizado e a versión electrónica, a autorización do/a director/a (Anexo III) para que o TFG poida ser defendido e cantos documentos estimar necesarios a comisión encargada.

Rematado o prazo de solicitudes, a Administración do Centro entregará a documentación que proceda ao secretario/a do tribunal de avaliación quen deberá facer chegar unha copia do traballo, a cada un dos membros deste.

As instrucións relativas á presentación dos TFG figuran no Anexo IV deste regulamento.

6.2. O estudiantado defenderá os seus TFG pública e presencialmente. No caso de que o/a estudiante solicite de forma motivada e acreditada defender o TFG de forma non-presencial, cumprirá que o faga ante a Comisión de Plans de Estudo, delegada do Consello de Goberno, para que a autorice ou non. Isto sempre de se daren as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas que o permitiren.

6.3. A realización, presentación e defensa dos TFG poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do grao, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

6.4. Cada estudiante disporá dun tempo máximo, do que será informado polo tribunal, para a defensa do TFG, en que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo. Con posterioridade terá que atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que puideren formularlle os membros do tribunal de avaliación.

7. Avaliación e cualificación

7.1. Unha vez realizada a exposición do/a estudiante, o tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde. Aplicaranse os criterios de avaliación da guía docente e o disposto na memoria de verificación do título. Os criterios faranse públicos antes das defensas dos TFG. Para a cualificación final establecerase a media aritmética das cualificacións asignadas ao TFG por cada un dos membros do tribunal.

7.2. A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real

Páx. 4 de 6 4 Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE n.º 224, de 18 de setembro de 2003).

Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

0-4,9 suspenso

5,0-6,9 aprobado

7,0-8,9 notable

9,0-10 sobresaliente

7.3. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o estudiantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

7.4. No caso de o/a estudiante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Envíaráselle(s) unha copia deste informe á(s) persoa(s) que dirixiron o TFG.

7.5. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.

8. Matrícula, calendario académico e actas

8.1. A matrícula dos TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola UDC, ou no período de ampliación da matrícula se o/a alumno/a reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen de acordo co número de créditos asignados ao TFG.

8.2. O centro, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos TFG dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

8.3. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

9. Consulta e publicación dos TFG

9.1. A comisión encargada dos TFG seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC). Para isto, a administración do centro enviará unha copia en formato electrónico ao Servizo de Biblioteca.

9.2. En caso de que o autor do TFG non autorice o depósito e a publicación deste no RUC, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá solicitalo previamente ante a comisión do TFG, que resolverá en cada caso.

Páx. 5 de 6 Páx. 6 de 6

ANEXO I.

Impreso de solicitud de asignación de tema do TFG.

ANEXO II. Impreso de solicitud de lectura e defensa do TFG.

ANEXO III.

Impreso de autorización de lectura e defensa do TFG.

ANEXO IV.

Instruccións relativas á presentación dos TFG:

Rematado o TFG, o alumno entregara na Administración do centro tres exemplares do TFG, debidamente encadernados, dúas copias en soporte dixital do TFG, acompañados dos escritos de solicitud e de autorización de lectura e defensa, co visto e prace do director do traballo (Anexos II e III).

A extensión do TFG non será inferior a corenta páxinas segundo o formato establecido (Anexo V).

A primeira páxina do TFG farase segundo o modelo establecido (Anexo V).

A entrega do TFG finalizará dez días naturais antes da data establecida, para a súa presentación e defensa, no calendario oficial de exames.

O regulamento do TFG e os anexos referidos anteriormente figurarán publicados no taboleiro e na páxina web do centro.

ANEXO V.

Formato establecido do TFG. FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN ANEXO I SOLICITUDE DE ASIGNACIÓN DE TEMA TRABALLO FIN DE GRAO Grao:

Apelidos:

Nome:

DNI:

Temas do TFG por orde de preferencia (mínimo tres temas):

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías